


3. A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL



O REINADO DE ISABEL II (1843-1868)

O reinado de Isabel II caracterizouse pola **alternancia no poder** entre liberais progresistas e liberais moderados, así como pola **inestabilidade**, nun clima social de axitación e desencanto. Podemos distinguir tres etapas:

- Os primeiros anos do reinado de Isabel II coñécense como a **Década Moderada** (1843-1854). A **Constitución de 1845** estableceu un modelo de soberanía compartida entre as Cortes e a Coroa; tamén se limitaron algunhas liberdades.
- Entre 1854 e 1856 tivo lugar o **Bienio Progresista**, que se comprometeu a levar a cabo unha **reforma económica** e o desenvolvemento da rede do ferrocarril.
- Na última etapa do reinado de Isabel II tendeu-se á política e ao crecemento económico. Reinstaurouse a Constitución de 1845 e, aínda que se tentou dar unha imaxe de honestidade, produciuse fraude electoral e a represión xeneralizada da oposición.



Retrato de Isabel II.



O SEXENIO DEMOCRÁTICO (1868-1874)

A descomposición do reinado de Isabel II, debido á corrupción e o malestar social, tivo o seu colofón na **Revolución de 1868**, que destronou á raiña.

Durante o Sexenio tentáronse varias solucións sucesivas para liquidar a crise política:

- O **Goberno provisional** do xeneral Serrano, coa aprobación da Constitución de 1869.
- A **monarquía de Amadeo I** (1871-1873). As Cortes proclamaron rei de España ao príncipe italiano Amadeo de Savoia, pero abdicou despois dun breve reinado.
- A **Primeira República** (1873-1874), que tentou consolidarse como sistema democrático. Pero un golpe de estado reinstaurou a monarquía con **Afonso XII**, fillo de Isabel II.